

ACTA DA REUNIÓN Nº 3 DO XURADO DESIGNADO PARA O FALLO DO "CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA). EXPEDIENTE: PRG-2021-0243.

Conforme ao acordado na sesión anterior na data de hoxe 08 de xuño de 2022, ás 13:06 horas reúnen os membros do Xurado para o fallo do concurso de ideas arriba referenciado (en adiante o Concurso), no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1 ; Sanxenxo (Pontevedra).

I.- O Xurado queda validamente constituído, coa presenza dos seguintes asistentes:

Presidenta do Xurado:

Presidenta da entidade publica Portos de Galicia – Susana Lenguas Gil.

Vogais:

- O Alcalde do Concello de Sanxenxo – Telmo Martín González.
- O arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo - Rafael Vázquez Abal.
- Un enxeñeiro de camiños, canais e portos designado por Portos de Galicia – Roi Fernandez Añón.
- Un representante enxeñeiro de camiños, canais e portos, designado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos - Francisco Alonso Fernández.
- Un representante arquitecto designado polo Colexio de arquitectos de Galicia - José González-Cebrián Tello.
- O representante pola Consellería da Xunta competente en materia de Urbanismo – María Encarnación Rivas Díaz.

Secretario:

- O Xefe do Departamento de Secretaría xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia – Manuel Bautís Cheda

II.- Deliberacións e Acordos.

Procedese, conforme á base 09 do Prego de Bases proceder, ao pronunciamento en acto público do fallo determinando as propostas gañadoras e a asignación motivada dos premios dos finalistas. Deste acto, asemade darase publicidade a través do perfil do contratante e web de Portos de Galicia, no portal web do Concello e dos Colexios de Arquitectos de Galicia e de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.

No acto están presentes medios de prensa e comunicación e outras persoas interesadas.



A estes efectos a Presidenta do Xurado, Sra. Susana Lenguas Gil, relaciona a composición deste e a cualificación dos seus membros, e conforme ao fallo emitido, pasa a dar conta das puntuacións obtidas por cada unha das propostas e da asignación de premios:

- Terceiro premio dotado con 5.000,00 euros á proposta: Lema " Tales".
- Segundo premio dotado con 10.000,00 euros á proposta: Lema "Duna 022".
- Primeiro premio (proposta gañadora) dotado con 25.000,00 euros: Lema " Novo porto de Portonovo".

O Sr. Alcalde de Sanxenxo, Sr. Telmo Martín González, explica que se elixiu a proposta mais adaptada as necesidades prantexada, aínda que o mellor sería aproveitar aquela solución que recollera as ideas aportadas por todas as ofertas. Sinala que neste proceso iniciado co concurso de ideas, no que antes de determinar a proposta gañadora, foi escoitado o parecer tanto da Confraría de Pescadores como do Club Náutico de Portonovo, o relevante é o paso seguinte de redactar un proxecto de execución da remodelación do porto, o cal non ten por qué coincidir exactamente cos todos os planteamentos da dita proposta gañadora. Salienta o importante que é para unha vila mariñeira como Portonovo acadar unha proposta de actuación no seu porto que dea resposta e contemple medidas para xerar espazos de desfrute veciñal ao tempo que atende as necesidades propiamente do porto. Comenta que a proposta premiada **atende as necesidades do porto e mantense dentro do custo estimativo dos 14 M€ de execución das obras.**

2

Acto seguido a presidente do Xurado e o alcalde de Sanxenxo proceden a explicar ao público asistente, as distintas propostas á vista dos paneis DIN A1 destas das que consta o lema unicamente.

O Xurado por voz do Alcalde de Sanxenxo, agradece o esforzo e interese dos seis estudos que se presentaron ao concurso de ideas, que non en van tiña singular dificultade.

Sen mais intervencións, ás 13:27 horas dáse por rematada a publicación do fallo do xurado.

Como segundo punto da orde do día, sendo as 13:30, conforme á base 08 do Prego de Bases, unha vez feito público o fallo do Xurado procedese a apertura en acto público do Sobre nº1 Documentación Administrativa a efectos de revelar a identidade dos concursantes premiados. Respecto dos non premiados por unanimidade do Xurado acordase non desvelar dita identidade.

Xa que logo e conforme á Base 11 do Prego de Bases, para a apertura dos sobre asiste ao Xurado un funcionario do Concello que procede a apertura por orde ascendente destes Sobres da documentación administrativa, o contido dos cales é visto polo Xurado.

Fanse públicas a identidade dos autores das tres propostas premiadas:

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
SERVIZOS CENTRAIS

Praza de Europa 5A – 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 – F. 981 545 324  
[www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal)



1. Terceiro Premio dotado con 5.000,00 euros á proposta, **Lema " Tales"**. Autores:

- Ignacio Senra Fernández-Miranda, Arquitecto.
- Vicente Negro Valdecantos, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

2. Segundo Premio dotado con 10.000,00 euros á proposta, **Lema "Duna 022"**. Autores:

- Sociedade Díaz y Díaz Arquitectos, S.L.P., Directores do Proxecto: Lucas Díaz Sierra, Arquitecto. José Plácido Gosende Tuñas, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.
- Sociedade Ingeniería del Noroeste, S.L., Directores do Proxecto: José Plácido Gosende Tuñas, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

3. Primeiro Premio dotado con (proposta gañadora) dotado con 25.000,00 euros á proposta, **Lema " Novo porto de Portonovo"**. Autores:

- Marcial Rodríguez Rodríguez, Arquitecto, Sociedade Redondeo Valladares y Rodríguez, S.L.P.
- Roberto Núñez de Arenas Basteiro, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos. Sociedade Antea Iberolatam, S.L.U. (anteriormente denominada ICEASA Consultores, S.L.U.).

Por unanimidade o Xurado, conforme á Base Administrativa 19 do Prego de Bases acorda realizar polo prazo dun MES desde a data de hoxe 08 de xuño de 2022 de publicidade do fallo, unha exposición pública na sede da Confraría de Portonovo, Concello de Sanxenxo, das propostas presentadas, e na web dos colexios profesionais, do Concello e de Portos de Galicia. De xeito que coa apertura ao público desta exposición, dáse cumprimento simultáneo ao dereito de información e posta de manifesto aos concursantes, de tódalas propostas presentadas.

Sendo as 13:40 horas dáse por finalizada a reunión.

En proba de conformidade asinan todos os asistentes.

